

**ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CALIFICADOR DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE CATRO PRAZAS DE TRABALLADORES PARA ASISTENCIA E VIXIANCIA NAS PRAIAS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS.**

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabana de Bergantiños, cando son as 12:00 horas do día 25 de xuño de 2.010, reúnen os membros do tribunal de selección do procedemento de selección de catro prazas de traballadores para asistencia e vixilancia nas praias do Concello, coa composición determinada mediante resolución nº 473/2010 do 21 de xuño, estando presentes: D<sup>a</sup>. Yolanda Imía Antelo (funcionaria do Concello de Cabana) que actúa como Presidenta do Tribunal, D. Julio Torreira López (funcionario do Concello de Laxe), D<sup>a</sup>. Silvana Facal Martínez (persoal do Concello de Cabana) e D. Federico M. Suárez Cancelo, Secretario do Concello de Cabana que actúa como Secretario do Tribunal, con voz pero sen voto.

Unha vez constituído o Tribunal este se traslada ás instalacións da piscina municipal co obxecto de proceder a realizar as probas prácticas (FASE DE OPOSICIÓN) previstas nas bases de selección aprobadas mediante resolución de Alcaldía nº 446/2010 do 10 de xuño, así como a posterior valoración dos méritos aportados, cos seguintes resultados:

Non se procede á valoración de D. Fernando Martínez Santos con D.N.I nº 47.386.740-R por ter sido expresamente excluído do procedemento de selección mediante resolución de Alcaldía nº 486/2010 do 25 de xuño polos motivos sinalados na mesma. Igualmente quedan excluídos por non terse presentado á realización das probas D. Ismael Fernández Verdes con D.N.I nº 47.379.529-N e D. Adrián López Agra con D.N.I nº 79.332.791-H.

| NOME                                   | 1ª proba        | 2ª proba        | 3ª proba        | Méritos | Total |
|----------------------------------------|-----------------|-----------------|-----------------|---------|-------|
| Baneira Collazo Fernando               | T= 1'32<br>P= 5 | T= 1'05<br>P= 3 | T= 1'35<br>P= 3 | 0,50    | 11,50 |
| Fernández Verdes, Ismael               | N.P             | N.P             | N.P             | N.P     | ----- |
| Figueroa García, Julio Alberto         | T= 1'42<br>P= 3 | T= 0'55<br>P= 5 | T= 1'42<br>P= 1 | 0,60    | 9,60  |
| García Martínez, M <sup>a</sup> Teresa | T=2'10<br>P=0   | T= 1,16<br>P= 0 | T= 2'07<br>P= 0 | 3,50    | 3,50  |
| Lema Lema, Adrián                      | T=1'58<br>P=1   | T= 0'58<br>P=4  | T=2'02<br>P=0   | 0       | 5     |
| López Agra, Adrián                     | N.P             | N.P             | N.P             | N.P     | ----- |
| Parafita Rivera, Daniel                | T=1'45<br>P=3   | T=0'49<br>P=6   | T= 1'45<br>P=1  | 0,60    | 10,60 |
| Vidal Pailos, Pedro                    | T= 1'33<br>P=5  | T=0'53<br>P=5   | T=1,32<br>P=3   | 3,30    | 16,30 |

Tendo en conta que conforme establecen as bases de selección “é necesario alomenos en dúas probas acadar a puntuación mínima de 3 puntos, para supera-la fase de

oposición, quedando eliminados aqueles aspirantes que no acaden esta puntuación mínima”. Visto que D. Adrián Lema Lema e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa García Martínez, non acadaron a puntuación mínima de 3 puntos a lo menos en dos das tres probas, quedan eliminados.

A vista de todo o anterior o tribunal de selección por unanimidade dos seus membros con dereito a voto, acordou propoñer para as 4 prazas de vixiantes de praias do Concello de Cabana de Bergantiños a D. Pedro Vidal Pailos, D. Fernando Baneira Collazo, D. Daniel Parafita Rivera, e D. Julio Alberto Figueroa García, quedando D. Adrián Lema Lema e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa García Martínez como suplentes ante posibles renuncias ou baixas que se poideran producir, pola orde de puntuación obtida.